

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 16 de ABRIL de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez

**Invitados:**

D. David Regades Fernández  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día dezaseis de abril de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(364).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(365).- BASES RECTORAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS) PARA O ANO 2013. EXPTE. 23993/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.04.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, de data 11.04.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) en data 02/04/2013 e, en consecuencia, aprobar as Bases rectoras do Fondo de Acción Social (FAS) segundo o Regulamento rector do mesmo aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220- publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013), segundo anexo único incorporado ao presente acordo, que forma parte inseparable do mesmo.

2º.- Notificar o seguinte acordo á Sra. Presidenta da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos de garantir a debida difusión do texto das Bases obxecto de aprobación nos termos do previsto nos artigos 7 e 8 do Regulamento rector do Fondo de Acción Social.

#### *BASES DO FONDO DE ACCION SOCIAL*

##### *BASE 1.- BENEFICIARIOS/AS DAS AXUDAS DO FAS E PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DAS SOLICITUDES*

1.- *Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, cónxuxe e fillos/as menores de 25 anos (excepto discapacitados), que non teñan ingresos e convivan con este/a.*

2.- *As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, ha de se achegar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria específica, deberá de entregarse na sede física da Comisión Xestora do FAS. Esta acusará recibo formal da mesma e entregarse a/ao solicitante.*

3.- *O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, deberá indicar a data da súa finalización.*

##### *BASE 2.- FINALIDADE DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)*

*O Fondo de Acción Social (FAS) ten como finalidade o desenvolvemento de programas de carácter social para o conxunto das e dos empregados públicos municipais, destinados a promover as melloras das súas condicións sociais nos ámbitos profesional e persoal, segundo a clasificación dos programas seguidamente indicada:*

▫ *–Programas de carácter socio-sanitario:*

- a) *Axudas sanitarias referidas a gastos non incluídos nin cubertos pola Seguridade Social (próteses dentais, oculares, ortopédicas, entre outras; ciruxía ocular e de corrección de patoloxías de carácter visual; tratamentos de saúde mental e trastornos psicolóxicos; adiccións e toxicomanías; patoloxías de carácter inmunolóxico e alérxico; tratamentos especiais e gastos sanitarios de carácter análogo).*
- b) *Axudas sanitarias relativas a gastos xerados por discapacidades debidamente acreditadas en grao igual ou superior ao 33%, comprensivas de axudas a servizos de rehabilitación e reeducación física e motriz. Asistencia especializada no domicilio e centros especializados. Compra ou renovación de aparellos e próteses específicas, eliminación de barreiras arquitectónicas e adaptación de vivenda habitual, e aquelas de carácter análogo).*

- c) *Axudas de carácter social á unidade familiar, comprensivas de gastos en concepto de nacemento ou adopción de fillos e coidado infantil, durante os tres primeiros anos de vida do/da menor ou posteriores á formalización da adopción; axudas para o coidado de familiares no marco do fomento da conciliación da vida laboral e familiar.*

*2.- Programas de promoción do benestar social:*

- a) *Gastos de transporte das e dos empregados públicos municipais, en contía única e cos límites e tramos a determinar e establecer por acordo da Comisión Xestora do FAS.*
- b) *Axudas por defunción, destinadas a gastos por falecemento das e dos empregados públicos municipais en activo, cónxuxes ou parellas en análoga relación de afectividade debidamente acreditadas e descendentes no primeiro grao de consanguineidade.*
- c) *Axudas en concepto de adquisición, rehabilitación ou arrendamento de vivenda habitual, nas contías, límites temporais, termos e condicións que se determinen e establezan por acordo da Comisión Xestora do FAS.*

*3.- Programas de incentivo á formación:*

- a) *Axudas para estudos das e dos empregados públicos municipais, cónxuxes ou parellas en análoga relación de afectividade debidamente acreditadas e descendentes no primeiro grao de consanguineidade, destinadas á obtención de títulos oficiais, impartidos en centros de ensinanza públicos ou privados debidamente acreditados e homologados. Escolas públicas de formación e capacitación de empregados/as públicos vinculadas ou dependentes das diferentes administracións públicas territoriais, e realización de estudos de análoga natureza, nas contías, termos e condicións que se determinen e establezan por acordo da Comisión Xestora do FAS.*

*En calquer caso, os supostos contidos en cada un dos diferentes programas non terán carácter taxativo, serán susceptibles de interpretación por acordo motivado da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social.*

**BASE 3.- CONVOCATORIAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)**

*As convocatorias do Fondo de Acción Social (FAS) poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, nos termos e co contido que determine a Comisión Xestora a través das correspondentes bases. As convocatorias ordinarias faranse unha en cada semenestre do ano natural e as extraordinarias según as circunstancias acordadas pola comisión o longo de todo ano.*

*As axudas especiais irán destinadas a afrontar sucesos graves ou extraordinarios debidamente xustificadas e o prazo para a súa solicitude estará aberta todo o ano natural.*

**BASE 4.- ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN**

- *Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- *Fotocopia compulsada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda.*
- *Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares, salvo para os menores de 16 anos que chegará co libro de familia. No caso de fillos/as que non convivan co solicitante, documento que acredite a axuda económica.*
- *Parellas de feito, documentación acreditativa.*
- *Para axuda de estudos, matrícula do centro a partir dos 15 anos cumpridos.*

- *Outras que se consideren imprescindibles para xustificar a axuda.*
- *No caso de hipotecas recibo orixinal ou certificación bancaria.*

#### **BASE 5.- CONDICIÓNS XERAIS**

- *As facturas das lentes deberán especificar o importe da montura e dos cristais (para a montura concederase unha axuda máxima) e achegarase tamén valoración do optometrista.*
- *As facturas deberán ser detalladas.*
- *A/o solicitante autoriza á comisión para comprobar as retribucións percibidas do concello.*
- *A comisión poderá solicitar documentación complementaria cando o estime necesario.*
- *Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a, por estar cuberta pola mutua.*
- *Quedan excluídos os tratamentos médicos que non estean recoñecidos, nin recetados pola Seguridade Social ou Sergas.*
- *Todo/a traballador/a que falsifique ou modifique a documentación orixinal non recibirá novas axudas do Fondo polo período que estableza a comisión*

#### **BASE 6.- RESOLUCION DA CONVOCATORIA**

*Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social contabilizará o número de solicitudes e distribución da partida, e determinará a contía que outorgar segundo as retribucións totais do traballador/a no ano anterior, segundo os tramos que a propia comisión determine e que serán públicos. Proporalle ao órgano municipal competente a proposta de resolución.*

*Unha vez exposto o listado de axudas concedidas hai un prazo de 30 días para as reclamacións.*

*En relación coa tramitación administrativa, a presidencia da comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada ao Servizo de Recursos Humanos, aos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.*

### **3(366).- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS). EXPTE. 24020/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.04.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, de data 12.04.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) en data 02/04/2013 e, en consecuencia, aprobar a convocatoria extraordinaria do Fondo de Acción Social (FAS) segundo o Regulamento rector do mesmo aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220- publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013), e documentación incorporada ao presente expediente administrativo, que forma parte inseparable do mesmo.

2º.- Notificar o seguinte acordo á Sra. Presidenta da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos do cumprimento das obrigas de publicidade, difusión e xestión da convocatoria segundo o previsto no Regulamento rector do Fondo de Acción Social.

PROPOSTA FORMULADA POLA COMISIÓN XESTORA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)

A fin de mellorar o benestar do persoal municipal, esta comisión do FAS, dentro das súas competencias establecidas no vixente Regulamento, acorda abrir unha CONVOCATORIA EXTRA-ORDINARIA-2013 de axudas, destinadas a cubrir os gastos dos programas recollidos na base 2ª das vixetes bases do FAS (socio-sanitarias, benestar social e formación) .

Con cargo a correspondente partida orzamentaria nº 2010.1620400 por un importe de 1.350.300,94 € e atendendo as retribucións anuais do persoal, establécense os seguintes tramos:

TRAMO I	TRAMO II	TRAMO III
Ata 28.000 €/ anuales	Dende 28.001 € ata 49.000 €/ anuales	Dende 49.001 €/ anuales

A estimación apróximada das cuantías a percibir por cada clave do programa así como o importe máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:

CONCEPTOS		CLAVE	TRAMO I	TRAMO II	TRAMO III
GASTOS SANITARIOS	Non incluídos SERGAS	1	800	750	700
	Xerados por discapacidade >33%	2	750	725	700
	Coidado infanti, nacemento, etc..	3	700	675	650
GASTOS DE TRANSPORTE		4	500	475	450
GASTOS DE DEFUNCIÓN		5	400	350	300
GASTOS DE AQUISICIÓN, REHABILITACIÓN OU ARRENDAMENTO DE VIVENDA		6	1100	1075	1050
FORMACIÓN	Escola Infantil-Primaria e outros	.7.1	500	475	450
	ESO-Bacharelato-FP	.7.2	700	675	650
	Universitaria	.7.3	1000	975	950
IMPORTE MÁXIMO A PERCIBIR POR TRAMO			1100	1075	1050

En razón ao número de solicitudes debidamente xustificadas que se presenten, a comisión poderá modificar estas cantidades de xeito proporcional, por motivos de axutes para adaptalas a partida orzamentaria.

Abrese o prazo de recollida de solicitudes durante 10 días a contar dende a publicación desta convocatoria nos taboleiros de anuncios dos servizos municipais e na Intranet do concello. As solicitudes serán entregadas e recollidas na sede física da Comisión xestora do fondo de acción social, sita nos locais do Comité de Persoal - 5º andar do concello.

DOCUMENTACIÓN :

- *Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- *Fotocopia da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 1-1-2012 ata o 15-3-2013.*
- *Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares, salvo para os menores de 16 anos que chegará co libro de familia. No caso de fillos/as que non convivan co solicitante, documento que acredite a axuda económica.*
- *Parellas de feito, documentación acreditativa.*
- *Para axuda de estudos, matrícula do centro a partir dos 15 anos cumpridos (enseñanza obrigatoria).*
- *Outras que se consideren imprescindibles para xustificar a axuda.*
- *No caso de hipotecas copia ou orixinal do recibo ou certificación bancaria.*

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

Me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.